

Saleta GONZÁLEZ CARNERO

Berenguela

*...parés que escoita atenta o marmurio d'auga que cai,
e eisala xordamente tristísimos sopiros...*

Rosalía de Castro

(“¡Pra a Habana!” II, *Follas Novas*,
Libro V, *As viudas d'os vivos e as viudas d'os mortos*)

Sopiros cicatrizadores de momentos pasados, catarse instantánea,
liberdade só acadada cando a dúbida abre paso á Fe.

Chove logamente, sinto o mesto borboriñar da auga a caer pesada,
sobre as lembranzas do pasado.

Tento tornar a aqueles días en que a túa badalada pétrea inauguraba
una mañá nova e límpida.

A aquela sonoridade descoñecida, atraente. A ese son apenas
concedido polo paso dos anos gravados nun metal que vixía, cal
sentinela impasíbel, toda a cidade.

Ao teu badalar, Berenguela.

Vida efémera

(mentres contemplo unha gota)

Como unha gota de auga que se aferra á parede da húmida terraza
resistíndose a caer, concentrando todos os seus derradeiros e banais
esforzos en non rematar, como todas as demais, esnaquizada contra
un chan infranqueábel.

Detense, aspira os lenes hálitos dunha vida que esgota o seu ciclo.
E déixase vencer pola impetuosa gravidade que a arrola de modo
arrepiaante por una parede, mestura de verdor e rugosidade, propia
dun esquecido patio de abril.

Fel e ámbar

Un día escribirei sobre un fondo de area virxe as letras que desprenderon os teus beizos borboriñantes cando se achegaron a min co lene palpitar da proximidade.

Beizos cercados por ecos fuxidíos de fel e ámbar.

Dentro, a auga caerá pesada a enchoupar ruidosamente cada unha das fendas deste corazón esmorecente cun rítmico esnacar en cada latexo interior, e aínda a liberar, cal coda dolorosa, reflexos daquela tensión fresca e doce dos nosos momentos pasados.

Chove, e a auga emana tristeza azul na nosa paisaxe de fel e ámbar. Enchárcanse paseniño as elásticas cavidades dun corazón esmorecido feito de area virxe e, agora, colmado da túa lembranza.

Élitros

Non podía aturar o son desacougante daqueles grilos nin un minuto máis. Ouvir ese fregar abouxador de élitros avivaba en min lembranzas que tantos anos me levara enterrar, pouco a pouco, terronciño a terronciño, e que agora, de novo, voltaban e me levaban ao centro dun interminábel labirinto, o mesmo que durante tanto tempo percorrín arelando encontrar a súa saída.

O sol esmagaba o horizonte, a calma enchía os meus ouvidos traspasando umbrais, chegando á dor, o aire era mesto e cun lene arrecendo a limón e loureiro.

Os élitros, outra vez a súa estridencia, os ulidos do estío, as altas temperaturas e esa calma sobrehumana... outra vez todo volvía espertar... mais esta vez non estaba soa.

Tutano

Engabuñado nos teus ósos, perdo a miña liberdade na sórdida cavidade torácica da túa indiferenza

Coñézote e descoñézote

Como un anxo ingrávulo sobre un fondo de vivo celofán
as túas asépticas ás de diminutos cristais xeometricamente cortados
esgazan a miña carne, esburacan os meus sentimentos
Exhalan un xélido palpitar de tempo caduco.

Coñézote e descoñézote

Quería poder falar contigo sen che ocultar palabras
Mais continuo ancorado en ti, formando parte vital do teu esqueleto,
termendo de ti e movéndome alá onde ti vas, ao teu paso, contigo,
SEMPRE, oculto na profundidade do averno cavernoso das túas
entrañas. E aínda así...

Coñézote e descoñézote

Porén, non existe máis doce tortura eterna

Caligráfico

Frase abultada de redondeadas formas, escorregas esvaradía por un folio en branco. Estás feita dunha lingua doce e quente, como o sangue que cuspe o corazón.